SOBRE O TOPÓNIMO BREA

Fernando Cabeza Quiles

No concello pontevedrés da Estrada existen dous lugares chamados **Brea**. Leva ese nome un lugar da parroquia de Matalobos e outro da de Pardemarín. En ámbolos dous emprazamentos consérvase, aínda que de diferente maneira, o detalle viario ó cal se refiren os topónimos, a saber: antigas vereas, isto é, camiños hoxe en desuso, que deberon ter grande importancia para a comunicación no seu tempo. Así **Brea**, topónimo moi abondoso en Galicia e o quizais máis recente **A Brea**, é un nome de lugar que provén da palabra do baixo latín *vereda*, "ruta de posta, camiño", vocábulo que á súa vez procede do latín *veredus* , que significaba "cabalo de posta".

Polo que respecta á aldea estradense chamada **Brea,** da parroquia de Matalobos, dicir que sobre o seu antigo trazado construíuse unha estrada nova, aínda que, segundo nos informou unha persoa xa de idade, que recordaba a verea primitiva, esta era, cita textual: "tipo congostra e ía moito máis fonda ca hoxe".

En canto ó emprazamento chamado **Brea**, pertencente á parroquia de Pardemarín, inspeccionando o lugar, batemos coa primitiva verea ou brea que deu o topónimo homónimo. Así, a poucos metros da aldea aínda se pode ver, comesto pola vexetación, un antigo camiño ou verea tamén fonda, que aínda conserva restos dos valados, que limitaban a antiga vía, a cal, uns metros máis ó norte tamén foi asfaltada, xusto onda as primeiras casas do lugar, volvendo despois, pasada a aldea, ó seu estado cuase orixinal, ó ser substituído o asfalto artificial por capas de herba ventureira, que deixan albiscar o antigo trazado da verea.

Joan Corominas e Vicente García de Diego documentan o termo *vereda* en baixo latín español dende o ano 757. Nun documento desa data lese. "postea vadit ad illa vereda, quae venit de Rovera". Noutro de 791: "pergit... ad illas veredas de Mamonela, et pergit per illa vereda antiqua usque cadit ad terram Tremu". En 909. "deinde per illa vereda majore, quod discurret de Astorica ad Castrum Litoriae" (Corominas: 1997: 785).

Durante o baixo Imperio a *vereda* debía ter unha connotación de camiño principal, por onde circulaban os cabalos de posta ou *veredi*, termo do que naceu primeiro o vocábulo e despois o topónimo **Brea**.

Sobre o antigo trazado que deu o topónimo Brea da parroquia de Matalobos construiuse unha estrada nova.

Anos máis tarde, tendo como referente o documento antes citado do ano 909, no cal aínda se fala dunha "vereda maiore", a verea debeu continuar co seu significado cuase primitivo de camiño ou vía importante e oficial.

Non debeu sucede-lo mesmo co paso dos anos, cando a verea perdeu rango e oficialidade como vía de comunicación. Perda que se produciría paulatinamente, dende o final do baixo Imperio, a partir da desaparición da figura do *veredus* ou cabalo de posta e, consecuentemente, do seu xinete o *veredarius*, o correo ou mensaxeiro do estado, que se trasladaba polas *veredas* montado no seu *veredus* para cumpri-lo seu cometido.

A este respecto os diccionarios de galego son ben explícitos e non recollen a voz "verea" con significados grandilocuentes. Así, o *Gran diccionario Xerais da lingua*, que resume, dalgunha maneira, as acepcións que se recollen nos diccionarios anteriores, dá para o voz "verea" o significado de "camiño estreito, formado comunmente polo paso da xente e do gando, brea, carroucho, carreiro, corripa, senda, vieiro" (*Gran diccionario...*, 2000: 1955 e 1956).

Teriamos, entón, como parece que sucede no topónimo tamén viario de **Estrada** e **A Estrada**, segundo se refira a unha antiga estrada estrada de pedra ou estrada de estrume (Cabeza, 2001: 11-20), que o de **Brea** podería referirse a camiños importantes, que farían referencia ás vereas máis antigas, ou a camiños máis modestos, os máis modernos no tempo.

Así, pensamos que as vereas máis antigas e máis próximas ó modelo de verea tardo romana, serían as que adoitan aparecer na documentación medieval coas denominacións de *vereda maiore, vereda antiqua, carrale de vereda* e *carraria de vereda*, mentres que as vereas de menor importancia aparecerían na maior parte dos casos nomeadas co termo máis simple de *verea*, en documentos máis serodios.

Con este planteamento, nun documento do ano 847, que recolle os límites dunha antiga demarcación de terras, atopamos " et pergit (e continúa) per illa vereda antiqua usque..." (BCMO

A verea que deu o topónimo Brea, na parroquia de Pardemarín, aínda se pode ver comesta pola vexetación

in Ferreira, 1988: 225, n. 626). Anos máis tarde, nun testemuño escrito de 955, que se acha no "Archivo Histórico Nacional" (AHN) e que fala dunha venda de terras, lemos: "... et inde inter terminos d´Enmeroz per carrale de vereda antiqua" (AHN T. Celanova, 154 v° in Ferreira, 19988: 171, n. 432).

Do ano 968 é outra proba escrita do mosteiro de Sobrado, tamén depositada no "Archivo Histórico Nacional", que cita un "... carrale de vereda que vadit de monasterio ad castro de Roati" (AHN T. Sobrado, II, 11 in Ferreira, 1988: 191, n. 495).

Algúns anos máis tarde, no ano 1008, nun documento do mosteiro de Celanova fálase da venda dunha heredade que "fer in carraria de vereda que discurrit a fonte pedrina (AHN T. Celanova in Ferreira, 1988: 169, n. 421).

Por fin, noutro testemuño escrito do ano 1093, que recolle as visicitudes da doazón dunha vila medieval, aínda se cita unha verea antiga importante. "per ipsa verea antiqua et per media corona de castro... discurrit per ad ipsa villa" (AHN T. Caaveiro, 49 v° in Ferreira, 1988: 206, n. 560).

Anos máis tarde a diplomática medieval só recolle o termo *vereda*, omitindo o adxectivo *antiqua*, etc. Así, nun documento do ano 1105, con motivo da doazón por parte de D. Pedro Froilaz da vila de Nemeño ó mosteiro de San Tomé de Nemeño (no actual concello de Ponteceso de Bergantiños) lemos: "et inde per uereda ad illum ualle ubi prius incepimus" (López, 1898: ap. 3, 58), ou o que é o mesmo "e dende alí pola verea a aquel val por onde empezamos". Neste caso, como noutros moitos, as vereas servían, xunto coas mámoas e outros moimentos funerarios, como referentes para delimitar territorios.

Outra proba escrita, un pouco máis serodia, do ano 1116, en traslado do século XIII, menciona unha "vereda de ipso Sisto" que saía de Santiago (AHN S. Martiño Pinario, 516/6 in Ferreira, 1988: 117, n. 224).

Noutro documento do ano 1134 os límites da parroquia de Santiago de Buxán, pertencente ó actual concello coruñés do Val do Dubra, son fixados aproveitando, entre outros elementos naturais e artificiais una "publica vereda" (AHN S. Martiño Pinario, 512/12 in Ferreira, 1988: 135, n. 277).

Do ano 1174 é un documento que trata da doazón doutras herdades, delimitadas nun dos seus puntos "per veredam de Barreo" (AHN T. Sobrado, II, 37 in Ferreira, 1988: 161, n. 376).

Saltando ó ano 1215, véndese unha herdade que está delimitada por unha verea e unha mámoa: "quod villar iacet... inter portum de verea et mamoam de Coruiti" (AHN Monfero, 499/1 in Ferreira, 1988: 200, n. 538).

Outro testemuño documental do ano 1260 cita un "... agrum de verea" (AHN T. Melón, 121v° in Ferreira, 1988: 152, n. 321).

Saltando ó ano 1515, un documento de apeo que delimita un territorio, tomando como fito alomenos dúas vereas diferentes, ofrece. "e como vay por la verea que vay de casa de... y como vay tener a la verea de Petán (AHPO Melón, t. 1611, fol. 267 in Ferreira, 1988: 97, n. 155).

Vemos, coa anterior relación de documentos, que a partir do século XII as vereas aparecen nomeadas simplemente como "veredas", sen o adxectivo *antiqua* e sen a compaña dos substantivos *carrale* e mais *carraria*. Isto demostra, como comentamos antes, que as vereas que aparecen nestes documentos son vereas secundarias. A este tipo de vereas, xa distintas das importantes vías de comunicación que constituían as vereas dos documentos máis antigos, deben referirse, segundo pensamos, os dous topónimos **Brea** do concello pontevedrés da Estrada. Así, os restos da verea que aínda se poden ver no lugar chamado **Brea**, da parroquia de Pardemarín, dan a entender, pola escasa anchura da vía e a ausencia de enlousado, que pertencen a unha verea máis ben modesta e máis moderna no tempo. Pero como non existe o nome de lugar ***Brea Antiga**, nin no concello da Estrada, nin en toda Galicia, a antigüidade das vereas aludidas no topónimo **Brea** non poden ser datadas sequera aproximadamente, a non ser que nalgún dos lugares chamados **Brea** aínda se podan ver restos de vereas, que polas súas características de anchura, empedrado, etc, podan corresponder a unha verea máis complexa, que son as que na documentación antiga aparecen como *vereda antiqua*.

Esta imposibilidade de distinguir, a partir do topónimo **Brea**, as vereas máis antigas das máis recentes no tempo, prodúcese pola desaparición, na expresión *vereda antiqua,* do adxectivo *antiqua*.

Outras veces, a partir da mesma expresión, o que desaparece é o substantivo *vereda*, producíndose, entón, o topónimo **Antiga**, que nos fala a simple vista da antiga existencia no lugar así chamado dalgún elemento antigo de xénero feminino, que agora sabemos que poden ser vereas ou outras vías de comunicación.

O feito de que o aséptico topónimo **Brea** meta no mesmo saco e faga alusión a vereas de distintas características e cronoloxía, non impide, ó noso entender, que poidamos considera-los dous topónimos **Brea** do concello da Estrada máis antigos có

nome da capital do concello no que se atopan. Baseamos esta nosa conxectura no feito de que, mentres existe no concello estradense o apelido Brea, polo trafego que se dá entre a toponimia e antroponimia, non sucede co de Estrada. A este respecto, pensamos que os devanceiros dos actuais individuos apelidados Brea, tomarían ese antropónimo do lugar onde vivían. Así, por exemplo, un suposto Manolo (da) **Brea**, coa perda da preposición, chegaría o actual Manolo Brea.

En canto á inexistencia contrastada do apelido Estrada no concello pontevedrés do mesmo nome, indícanos, segundo pensamos, a modernidade, da que xa falamos noutro traballo, deste topónimo **A Estrada** (Cabeza, 2001: 11-20). Así, mentres que a creación do apelido Brea produciríase en máis antigo tempo, nun momento no que o corpus antroponímico da zona aínda estaba aberto, o apelido Estrada non se debeu producir ó nacer o topónimo desta **A Estrada** nunha época serodia de abondo, na que tódolos habitantes do entorno xa tiñan apelido e o corpus antroponímico xa estaba pechado.

A verea que orixinou o topónimo Brea en Pardemarín, volve, despois de pasada a aldea, ó seu estado cuase orixinario cuberta por capas de herba ventureira que permiten albiscar o seu antigo trazado

Se ó principio do artigo diciamos que o termo latino *vereda* estaba asociado a actividades ou traballos relacionados co camiño antigo deste nome ou viceversa, neste caso era o *veredarius* ou correo-mensanxeiro que se desprazaba no seu cabalo de posta ou *veredus* pola *vereda*, con relación ós idiomas romances sucede outro tanto. Así, a partir da "verea" galega témo-lo vocábulo "veredeira" igual a "recadeira que andaba polos camiños (mellor polas vereas, indicamos nós)" (*Gran diccionario...*, 2000: 1956 e *Franco...*, 1972: 835). O adxectivo "vereado/a" igual a "concorrido, frecuentado" (*Gran diccionario...*, 2000: 1956 e *Franco....*, 1972: 835), que nun principio se referiría a unha verea vereada, isto é, concorrida ou frecuentada. "Vereeiro" igual a "justicia, gobernador" e "verear" co significado de "hacer justicia, gobernar"; vocábulos que Carré dá como arcaicos (Carré, 1972: 870) e que nun principio terían o significado máis restrinxido de enviar mensaxeiros con ordes (para seren cumpridas) polas vereas.

Os devanditos mensaxeiros chamábanse en castelán *verederos*, vocábulo que está en íntima relación co outro significado de *vereda* que dá o *Diccionario de la lengua castellana,* chamado de *Autoridades,* igual a "el orden o aviso que se despacha para hacer saber alguna cosa a un número determinado de lugares, que están en un mismo camino (sería mellor nunha mesma *vereda*) u a poca distancia (Corominas, 1977: 786). Este investigador tamén di, cita textual: "si estos mensajeros se llamaban *verederos* es muy natural que su misión se llamara la vereda (no seu segundo significado) y también se explica fácilmente que el nombre acabara por transmitirse al camino a lo largo del cual se realizaba esta misión" (Corominas, 1977: 786).

O portugués moderno recolle os vocábulos *vereador* co significado de "membro da câmara municipal, edil" (Dicionário, 1977: 965) e *verear*, isto é "administrar como vereador, exercer funçoes de vereador" (Dicionário, 1977: 965).

Por fin, dicir que para que o vocábulo latino *vereda* dea **Brea**, hai que supoñer, en primeiro lugar, a perda do *-d-* intervocálico,

a desaparición do seu primeiro *e*, e por último o betacismo do cambio do *v* en *b*.

O fenómeno do betacismo non se produciu no topónimo **Verea**, variante de **Brea**, que dá nome a unha parroquia, a un concello e a un arciprestado da provincia de Ourense., a unha aldea da parroquia dos Ánxeles, do concello de Boimorto (A Coruña), e a outra da parroquia de Cumbraos, do concello tamén coruñés de Mesía.

Na parroquia de Tella, do concello de Ponteceso (A Coruña), e na parroquia de Pazos, concello de Castro de Rei (Lugo), documéntanse dous lugares chamados **Vereda**, que deben ser castelanismos de **Verea.**

BIBLIOGRAFÍA

CABEZA QUILES, F., (1992): *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado,* Vigo, Xerais.

CABEZA QUILES, F., (2000): *Os nomes da terra. Topónimos galegos,* Noia, Toxosoutos.

CABEZA QUILES, F., (2001): "Sobre o nome da Estrada", en *A Estrada, miscelánea histórica y cultural, núm. 4*, Museo do Pobo Estradense Manuel Reimóndez Portela.

CARRÉ ALVARELLOS, L., (1979): *Diccionario galego-castelán e vocabulario castelán-galego*, Santiago.

COROMINAS, J. y PASCUAL, J. A., (1989): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico (DCECH)*, Madrid, Gredos.

FERREIRA PRIEGUE, E., (1988): *Los caminos medievales de Galicia*, "Boletín Auriense", anexo 9, Orense, Museo Arqueológico Provincial.

FRANCO GRANDE, X. L., (1972): *Diccionario galego-castelán*, Vigo, Galaxia.

GARCÍA DE DIEGO, V., (1989): *Diccionario etimológico español e hispánico*, Madrid, Espasa-Calpe.

LÓPEZ FERREIRO, A., (1898 ss.): *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela* (apéndices documentais).

VV. AA., (1977): *Dicionário da Língua Portuguesa,* Sao Paulo, departamento editorial das ediçoes melhoramentos.

VV. AA., (2000): *Gran diccionario Xerais da lingua*, Vigo, Xerais.